



Guía Docente

Datos Identificativos					2019/20
Asignatura (*)	Iniciación en deportes IV (Balonmán) (optativa)		Código	620G01315	
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte				
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	Anual	Terceiro	Optativa	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Educación Física e Deportiva				
Coordinación	Fernandez Romero, Juan Jose	Correo electrónico	juan.jose.fernandez@udc.es		
Profesorado	Fernandez Romero, Juan Jose	Correo electrónico	juan.jose.fernandez@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>O contexto dos contidos desta materia baséanse nas competencias establecidas para o módulo Fundamentos en Deportes, no que se integra esta materia; e que nos indica que ésta desenvólvese básicamente sobre o estudo das habilidades deportivas específicas, compostas e complexas, como conductas psico e sociomotoras, e os seus contidos como recursos didácticos en Educación Física e na Iniciación Específica Deportiva. Promovendo o coñecemento dos fundamentos técnico-tácticos.</p> <p>Como iniciación específica deportiva enténdese o momento e período no que unha persoa comenza a aprender unha habilidade específica ou un deporte en concreto.</p> <p>A ensinanza do balonmán fundaméntase pola riqueza sociomotriz desta modalidade deportiva, a promover na etapa de iniciación deportiva dos xóvenes; tal como habilidades e comportamentos de xogo, cheos de elementos de gran riqueza coordinativa, e tamén de socialización motriz; ademáis do arraigo histórico vixente permanentemente nos planos de estudos de Educación Física e Deportes, xa desde a creación dos primeiros centros de formación de profesores de Educación Física.</p> <p>O Balonmán está arraigado na sociedade actual como un deporte que promove os valores socio-deportivos en todas as súas facetas, e que, surdiendo do xogo, evoluciona e institucionalízase en deporte (concepción actual), sin perder a finalidade de xogo en sí mesmo, como elemento educativo e gratificante de por sí. Por tal motivo, é unha actividade necesaria nos principios e valores educativos e formativos da Educación Física e na práctica deportiva cotidiana.</p> <p>Analizando as características do Balonmán tanto polo tipo de habilidades motrices que o definen (modelos técnicos de execución), fundamentadas en correr, lanzar, saltar, como pola riqueza dos factores perceptivos que se vivencian na comunicación motriz do xogo (táctica), e polas cualidades físicas que desenvolve; fan que este deporte colectivo sexa unha actividade a programar no ámbito educativo, recreativo e competitivo.</p> <p>Actualmente, fálase dunha didáctica dos deportes colectivos en canto os elementos comúns que os definen e relacionan; pero ademáis, cada materia debido a singularidade dos seus contidos, ten necesidade de planteamentos de ensinanza propios e diferenciados. Por eso, falamos dunha Didáctica do Balonmán, que, acorde cos descriptorios do plano de estudos, se desenvolve seguindo un programa axustado os seus contidos específicos; plantexados dunha forma teórico-práctica; con unha metodoloxía de ensinanza para a iniciación específica o Balonmán.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A3	Coñecer e analizar a cultura deportiva e propoñer os cambios necesarios, na propia e na das persoas coas que traballa, desde a ética e o xogo limpo, as diferenzas de xénero e a visibilidade dos discapacitados.
A4	Coñecer e comprender as bases que aporta a educación física á formación das persoas.



A5	Fomentar a convivencia, estimulando e poñendo en valor a capacidade de constancia, esforzo e disciplina dos participantes nas actividades de educación física e deportiva.
A6	Deseñar e ordenar estratexias e espazos de aprendizaxe que respondan á diversidade social (sexo, xénero, idade, discapacidade, culturas?) e ao respecto dos dereitos que conforman os valores que aporta a educación física e deportiva á formación integral dos cidadáns.
A8	Deseñar, desenvolver, e avaliar os procesos de ensino e aprendizaxe, relativos á actividade física e o deporte, con atención e titorización segundo as características individuais e contextuais das persoas (xénero, idade, discapacidade, culturas, etc.).
A9	Elaborar propostas curriculares para as distintas etapas no marco institucional dun centro educativo, desenvolvendo os elementos da programación didáctica da área de E. Física, con arranxo á lexislación vixente e ao proxecto educativo de centro.
A16	Deseñar, programar e desenvolver actividades esenciais da motricidade humana: o xogo, a danza e a expresión corporal, o exercicio e as actividades no medio natural, no ámbito educativo, recreativo e da actividade física e saúde, promovendo a igualdade de dereitos e oportunidades e evitando a exclusión en función do xénero e a discapacidade.
A17	Programar e desenvolver actividades físico-deportivas no medio natural, no contexto educativo e recreativo, favorecendo a participación á que todos teñen dereito e evitando a invisibilidade por razóns de xénero ou discapacidade.
A18	Deseñar e aplicar métodos adecuados para o desenvolvemento e a avaliación técnico-científica das habilidades motrices básicas nas diferentes etapas evolutivas do ser humano, considerando o xénero.
A23	Avaliar técnica e cientificamente a condición física e prescribir exercicios físicos nos ámbitos da saúde, o deporte escolar, a recreación e o rendemento deportivo, considerando as diferenzas biolóxicas por idade e xénero.
A25	Identificar e comprender os requisitos psicomotores e sociomotores das habilidades deportivas, executando basicamente as habilidades motrices específicas dun conxunto de deportes, considerando as diferenzas por xénero.
A26	Identificar e aplicar as peculiaridades didácticas de cada especialidade deportiva na intención pedagóxica dos diferentes ámbitos de intervención.
B1	Coñecer e posuír a metodoloxía e estratexia necesaria para a aprendizaxe nas ciencias da actividade física e do deporte.
B2	Resolver problemas de forma eficaz e eficiente no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
B16	Dominar habilidades de comunicación verbal e non verbal necesarias no contexto da actividade física e o deporte.
B18	Comprometerse e involucrarse socialmente coa súa profesión e en concreto, coa situación actual da actividade física e o deporte na educación formal; coa xestión do centro educativo; cos seus compañeiros (traballo cooperativo) e con aqueles aos que educa.
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



Deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos ás habilidades específicas do Balonmán	A3 A4 A5 A6 A8 A9 A16 A17 A18 A25 A26	B1 B2 B3 B11 B16 B18 B19	C1 C4 C6 C7
Identificar os factores e variables da selección de talentos en Balonmán	A23 A25	B1	
Conocer los fundamentos específicos tácticos grupales prácticos de ataque y defensa, y de aplicación en la iniciación específica y en la competición.	A25 A26	B3	
Conocer los fundamentos específicos de los sistemas de juego prácticos de ataque y defensa, y de aplicación en la iniciación específica y en la competición.	A25 A26	B3	

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE TEMATICO I : IDENTIFICACION, EVOLUCION E CARACTERIZACION DO BALONMÁN	<p>TEMA 1. Principios e valores do balonmán como modalidade deportiva competitiva institucionalizada de aplicación na iniciación específica deportiva e na educación física.</p> <p>TEMA 2. Estudo específico de Regulamento de xogo: Regulamento oficial de Balonmán Adaptacións regulamentarias ao deporte basee en idade escolar (cadete, infantil, alevín).</p> <p>TEMA 3. Terminoloxía e simboloxía específica: Do xogo de ataque Do xogo de defensa</p> <p>TEMA 4. Marco de contidos técnicos-tácticos para o desenvolvemento do xogo na iniciación específica.</p>
BLOQUE TEMATICO II : FUNDAMENTOS DIDACTICOS DO BALONMÁN	<p>TEMA 5. O proceso de formación de xogadores na etapa de iniciación específica ao balonmán: Características, fases, obxectivos e contidos da iniciación específica Metodoloxía de programación de: Obxectivos, contidos, progresións metodolóxicas, ...</p>
BLOQUE TEMATICO III: FUNDAMENTOS TECNICO-TACTICOS INDIVIDUAIS COMÚNS DE ATAQUE E DEFENSA	<p>TEMA 6. Iniciación específica ás posicións de base e aos desprazamentos sen balón</p>



<p>BLOQUE TEMATICO IV: FUNDAMENTOS TECNICO-TACTICOS INDIVIDUAIS DE ATAQUE</p>	<p>TEMA 7. Iniciación específica ás habilidades técnico-tácticas individuais no desenvolvemento do xogo, en situacións específicas e nos postos específicos do ataque:</p> <p>Técnica-táctica individual da adaptación e manexo do balón do balón en situacións específicas e nos p.e. do ataque</p> <p>Técnica-táctica individual do bote do balón en situacións específicas e nos p.e. do ataque</p> <p>Técnica-táctica individual dos desprazamentos con balón (ciclo de pasos) en situacións específicas e nos p.e. do ataque</p> <p>Técnica-táctica individual dos pases en situacións específicas e nos p.e. do ataque</p> <p>Técnica-táctica individual da recepción do balón en situacións específicas e nos p.e. do ataque</p> <p>Técnica-táctica individual dos lanzamentos a portaría en situacións específicas e nos p.e. do ataque</p> <p>Técnica-táctica individual da finta en situacións específicas e nos p.e. do ataque</p>
<p>BLOQUE TEMATICO V: FUNDAMENTOS TECNICO-TACTICOS INDIVIDUAIS DE DEFENSA</p>	<p>TEMA 8. Iniciación específica ás habilidades técnico-tácticas individuais no desenvolvemento do xogo, en situacións específicas e nos postos específicos da defensa:</p> <p>Técnica-táctica individual da marcaxe en situacións específicas e nos postos específicos da defensa</p> <p>Técnica-táctica individual do blocaje do balón en situacións específicas e nos postos específicos da defensa</p> <p>Técnica-táctica individual da interceptación do pase en situacións específicas e nos postos específicos da defensa</p> <p>Técnica-táctica individual do acoso e desposesión do balón en situacións específicas e nos postos específicos da defensa</p> <p>Técnica-táctica individual da disuasión do pase en situacións específicas e nos postos específicos da defensa</p>
<p>BLOQUE TEMATICO VI: FUNDAMENTOS TECNICO-TACTICOS DO PORTEIRO</p>	<p>TEMA 9. Factores e variables didácticas de adestramento na iniciación específica.</p>
<p>BLOQUE TEMATICO VII: APROXIMACIÓN AO XOGO COLECTIVO DE ATAQUE</p>	<p>TEMA 10. Fundamentos tácticos grupales ataque. Variables de iniciación á aprendizaxe específica.</p> <p>TEMA 11. Fundamentos de iniciación aos sistemas de xogo de ataque. Variables de iniciación á aprendizaxe específica: Fase de iniciación específica aos sistemas de organización do grupo no espazo de xogo.</p> <p>TEMA 12. Fundamentos de iniciación específica ao contraataque</p>
<p>BLOQUE TEMATICO VIII: FUNDAMENTOS TACTICOS COLECTIVOS DA DEFENSA</p>	<p>TEMA 13. Fundamentos tácticos grupales defensivos. Variables de iniciación á aprendizaxe específica.</p> <p>TEMA 14. Fundamentos de iniciación aos sistemas de xogo defensivos. Variables de iniciación á aprendizaxe específica: Fase de iniciación específica aos sistemas de organización do grupo no espazo de xogo.</p>



<p>BLOQUE TEMÁTICO IX: A EVALUACION NA FORMACION DE XOGADORES DE BALONMÁN</p>	<p>TEMA 15. Evaluación para el seguimiento de jugadores y la selección de talentos, en la formación de jugadores de BM: Fundamentos de la selección de talentos Características y capacidades de los jugadores de balonmano en las diferentes etapas de competición Pruebas y protocolos de evaluación</p> <p>TEMA 16. Evaluación de la Eficacia pedagógica de el Entrenamiento (EEE) en las progresiones metodológicas de el entrenamiento, durante la formación de jugadores. Definición Metodología de aplicación Modelos prácticos</p>
<p>BLOQUE TEMÁTICO X: BASES CONCEPTUAIS DO PROCESO DE ADESTRAMENTO EN DEPORTES DE EQUIPO. A PREPARACIÓN CONDICIONAL.</p>	<p>TEMA 17: Diferentes concepciones do proceso de adestramento en deportes de equipo. Peculiaridades do balonmán. TEMA 18: A preparación condicional en balonmán. Adestramento da forza e a resistencia.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A5 A25 B1	1	0	1
Análise de fontes documentais	A4 A8 A9	1	8	9
Eventos científicos e/ou divulgativos	B1 B19 C6	0	6	6
Sesión maxistral	A6 A17 C7	4	12	16
Portafolios do alumno	A16	0	15	15
Proba mixta	A4 A5 A26 B2 B3	3	12	15
Traballos tutelados	A18 A23 B11 B16 C1	2	16	18
Saídas de campo	A3 B18	0	12	12
Prácticas a través de TIC	C4	1	3	4
Práctica de actividade física	A5 A25	32	21	53
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.



Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.
Sesión maxistral	Ou lección maxistral: Exposición oral, habitualmente complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, etc.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe (aprendizaxe independente dos estudantes).
Saídas de campo	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado. Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc. Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.
Prácticas a través de TIC	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado.
Práctica de actividade física	Metodoloxía que permite ó alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades físicas e/ou deportivas de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, etc., a execución dos fundamentos psicomotores e/ou sociomotores das distintas habilidades deportivas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Organización de titorías colectivas, dirixidas a solucionar problemas relacionados coa práctica das tarefas motoras da materia, ou bem de traballos colectivos. Non se contempla ningunha variación para aqueles que cursan con matrícula parcial.
Sesión maxistral	
Portafolios do alumno	
Traballos tutelados	
Prácticas a través de TIC	
Práctica de actividade física	



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A4 A5 A26 B2 B3	Proba escrita: O seu obxectivo é avaliar os coñecementos adquiridos polo alumno. Esta proba poderá constar de preguntas tipo test ou cortas ou temas a desenvolver.	45
Traballos tutelados	A18 A23 B11 B16 C1	O alumno poderá substituír na avaliación os traballos tutelados pola participación voluntaria en actividades complementarias da asignatura, tal como: Seminarios da materia, congresos, etc). O criterio de implicación voluntaria do alumno, obedece o principio de fomentar a participación formativa en actividades organizadas pola asignatura, as cales xeran un ambiente de aprendizaxe muy positivo.	14
Práctica de actividade física	A5 A25	O alumno poderá elixir entre avaliación continua ou final práctica: a) Avaliación continua: Valora, por unha banda, o grao de participación nas prácticas e por outra banda, demostre un nivel de xogo idóneo ou un alto grao de progresión persoal no xogo. b) O alumno que non cumpra este criterio deberá presentarse o exame final.	41

Observacións avaliación

As partes superadas na primeira oportunidade gardaranse para a segunda. Ademais gardaranse en sucesivas convocatorias. Os lesionados terán que cumprir os mesmos porcentaxes para superar a parte práctica. O exame estará no idioma de impartición da materia. Se alguén desexa unha copia do exame no outro idioma oficial da UDC, deberá solicitalo ao profesor unha semana antes da data de realización. Non contéplanse mudanzas na matrícula parcial nas distintas convocatorias. Non se realizan probas on-line.

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<p>- ANTON, J. (2004). Análisis evolutivo estructural y funcional del sistema defensivo 3:2:1. Granada. Grupo Editorial Universitario</p> <p>- ANTON, J. (2004). Análisis evolutivo estructural y funcional del sistema defensivo 6:0. Granada. Grupo Editorial Universitario</p> <p>- Fernández, J.J., Cancela, J.M., Vila, E. y Casáis, L (2000). Balonmán. Manual Básic. Santiago: Lea.</p> <p>- AA.VV (1992). Balonmano. Madrid, COE</p> <p>- Fernández, J.J., Vila, M^a.H. y Gambau, V. (1999). Balonmano playa. Evolución reglamentaria. Área de balonmano</p> <p>- AA.VV. (2009). Guía de trabajo para la formación en Balonmano. Madrid. RFEBM</p> <p>- ANTON, J. (2002). Táctica grupal defensiva. Granada. Grupo Editorial Universitario</p> <p>- AA.VV., Balonmano, Madrid. COE, 1992, Libro, -Antón, J., Balonmano: Fundamentos y etapas de aprendizaje, Madrid. Gymnos, 1990, Libro, -Barcnas, D. y Román, J de D., Balonmano. Técnica y metodología, Madrid. Gymnos, 1991, Libro, -Bayer, C., Técnica del Balonmano: La formación del jugador, Barcelona. Hispano Europea, 1986, Libro, -Espar, F., Táctica Individual. Aplicación inteligente de la técnica, Coruña. INEF Galicia, 1993, Libro, -Espar, F., El proceso de formación del jugador de Balonmano. Etapa de iniciación global, Coruña. INEF Galicia, 1992, Libro, -Espar, F., El concepto de táctica individual en los deportes colectivos, Barcelona. Apunts de Educación Física y Deportes, 51, pp. 16-22, 1998, Revista, -Fernández, J., et al., Enseñanza de los juegos deportivos colectivos a través del Balonmano, Madrid. Gymnos, 2000, Libro, -LaSierra, G. et al., 1013 ejercicios y juegos aplicados al balonmano, Barcelona. Paidotribo, 1992, Libro, -Martinez, I., Evolución de la organización defensiva: un modelo para la progresión del aprendizaje en la iniciación., Coruña. Seminario Balonmano Facultad del Deporte UDC, 2008, Material audiovisual, -RFEBM, Reglas de juego, Madrid. RFEBM, 2008, Web, -RFEBM, Reglas minibalonmano, Madrid. RFEBM, 2009, Web, -RFEBM, Reglas de balonmano playa, Madrid. RFEBM, 2008, Web, -Torres, G., La finta: factores y variables de la práctica, Madrid. Area Balonmano, 3, pp. 13-17, 1998, Revista, -Torres, G., Metodología de aplicación del juego aplicado en el aprendizaje de los deportes de equipo: Balonmano, Madrid. INEF Madrid. Actas del Congreso Internacional de Balonmano, 1993, Revista, -Torres, G., Pasar-recibir: Situaciones de aprendizaje en Balonmano, Madrid. RFEBM. Comunicación Técnica 131, 1992, Revista, -Torres, G., Adaptación y manejo del balón: variables de la práctica, Madrid. RFEBM. Comunicación Técnica 193, 1999, Revista, -Torres, G., Aproximación al análisis didáctico del contenido del portero de balonmano, Madrid. Area Balonmano, 28, pp. 1-16, 2004, Revista, -Torres, G., Modelo pedagógico de entrenamiento individual del lanzamiento en los extremos, Málaga. UNISPORT, 1999, Capítulo de libro, -Torres, G., Medienverbund in der Praxis: ht und handballworld-on line.de, Münster. Alemania. Handball Training, 23, 2001, Revista,</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>- Federación Española de Balonmano (1989). Balonmano: velocidad y espectáculo. Madrid. Gymnos</p> <p>- Fernández, J. J., Víaño, J. J. y Cerdeira, C. (2000). Enseñanza juegos deportivos colectivos a través del balonmano. Madrid: Gymnos.</p> <p>- Federación Española de Balonmano (1996). Mini Balonmano. Madrid. Gymnos</p> <p>-Torres, G., Handball Test (Software de evaluación y seguimiento de jugadores de Balonmano), Vigo. Sagois, 2009, Material audiovisual, -Torres, G., Balonmano. Pruebas de evaluación para el seguimiento y selección de talentos en la formación de jugadores -HandballTest., Santiago de Compostela. Sadega, 2009, Libro, -Torres, G., y Crespo, R., Balonmano. Contraataque: Guía práctica de ejercicios para el juego de transición Técnica y metodología, Santiago de Compostela. Sadega, 2009, Libro,</p>

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Balonmán e a súa didáctica/620G01017

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías